

INTRODUCCION

No ano 1986 cumpriuse o primeiro centenario do nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez CASTELAO. A intensidade da súa biografía como político, a súa sensibilidade como artista plástico, o seu aceso ideario nacionalista e, finalmente, a súa morte no exilio, nas terras arxentinas que, de segundas, o acolleran, fixeron de Castelao unha figura popular e, ó propio tempo, un "pai fundador" do nacionalismo galego. Con todo, a obra castelaoníá, ben coñecida na Galicia da preguerra, tardou, por razóns obvias, en ser debidamente recuperada na súa propia terra. O seu nome ficou por tempo reducido a pequenos círculos, e a súa obra principal, o *Sempre en Galiza*, tivo que ser lida ás agachadas. Somentemente no ano 1975, coa celebración do vintecinco cabodano do seu pasamento, a obra de Castelao comezou a ser divulgada en Galicia. Pero o carácter aberto de moitos dos seus textos e debuxos permitiu lecturas ben diversas, por non dicir opostas, que ian desde a xustificación das fábricas de celulosas ata as posicións políticas ou lingüísticas máis radicais. Todo tiña apoio en Castelao. E logo, o traslado dos seus restos dende A Chacarita ó Panteón de Bonaval, efectuado no ano 1984, afondou aínda máis esta recuperación acrítica e confrontada da figura de Castelao.

Todo isto ven a conto por un único motivo. Porque a celebración do CONGRESO CASTELAO no ano 1986, como un dos actos centrais do "Ano Castelao" declarado oficialmente pola Xunta de Galicia, non podía sustraerse a este contexto histórico nen ás súas tensións políticas. Por esta razón, o congreso celebrado en Santiago de Compostela, nos días 24 a 29 de novembro de 1986, tivo unhas características especiais das que, como organizadores e agora coidadores das súas Actas, queremos dar conta. Con efecto, o Congreso plantexouse como unha reunión científica, coa figura de Castelao como centro de atención. Esta dimensión académica, acrecentada pola decisiva aportación, non só material, da Universidade compostelana, está ben presente nestas actas. Os principais especialistas na biografía,

no pensamento, na dimensión artística ou na potencialidade literaria de Castelao acudiron á chamada que se lles fixo desde a organización congresual. Pero, ó propio tempo, aquela semana de estudio e discusión sobre Castelao tivo tamén outra faciana non menos valiosa e que, parcialmente, fica tamén reflexada nestas actas. Pola presenza de amigos persoais e colaboradores do seu labor político e cultural no exilio de Buenos Aires, polas lembranzas que da súa figura fixeron políticos coetáneos, pola presenza mesmo de familiares, o congreso tamén se convertiu nun acto de homenaxe á figura de Castelao. Esta confluencia da dimensión académica e do relembro apaixonado, esta consideración do "Congreso Castelao" como un foro aberto, foi, no sentir dos organizadores, o presuposto fundamental que permitiu que un acto de tais características poidera efectivamente celebrarse. E visto todo coa ollada máis repousada que da o paso do tempo, aínda ficamos máis convencidos do acerto daquela decisión e do proveitoso que resultou o Congreso. Porque o resultado son estas actas, que hoxe presentamos.

Nos dous volumes en que aparecen agora as contribucións ó Congreso atópanse máis de oitenta ponencias ou comunicacións que recollen e amplían, no seu caso, os textos lidos nas diferentes sesións ou que foron entregados posteriormente nos prazos fixados. Aínda que a cantidade non supoña sempre calidade, parécenos que compre suliñar o feito de que a figura de Castelao concitase tan grande número de participantes que, nas sesións do Congreso, aínda foron máis dos que aquí aparecen, pero os seus textos, por razóns alleas a nós, non puideron ser incorporados a estas actas. Con todo, máis do noventa por cento das comunicacións son finalmente recollidas aquí; algunhas delas, con lixeiras modificacións efectuadas coa intención de evitar repeticións bibliográficas innecesarias ou por quererem os autores facer, nalgún caso, engadidos "a posteriori" que desvirtuaban o senso do texto inicial. Pero quitadas estas miudanzas, o groso dos materiais presentados no Congreso son agora recollidos nestas actas, respetándose tamén a lingua e a opción ortográfica de cadaquén. Esta "libertade idiomática", que é máis visible no campo do galego, foi considerada tamén presuposto esencial para un axeitado desenvolvemento do propio Congreso e resulta, a mais, congruente co mesmo pensamento de Castelao. A importancia que a lingua acadou nos textos do rianxeiro, e que sigue provocando reflexións ogano, inclinounos a abrir unha sección de lingua que, nas sesións do Congreso, andara de mixtión coa de literatura.

Nunha ollada de conxunto de todas estas actas, temos que dicir que, malia a heteroxeneidade tan frecuente en toda publicación desta índole, áchanse aquí

resultados de interés para a investigación sobre a figura de Castelao e, máis amplamente, para a historia contemporánea de Galicia. Porque, polo si ou polo non, aquí están incorporadas as laborías que varias xeracións de intelectuais e investigadores galegos teñen feito sobre Castelao e o seu tempo, desde os actuais compoñentes da chamada "terceira idade" que aínda tivo o privilexio de beber directamente no illó do rianxeiro, ata a "primeira idade" representada por estudantes de terceiro ciclo que comezaron, neste Congreso, a dar os seus primeiros pasos polo carreiro da investigación. Tendo en conta que, naquela altura e aínda hoxe, non hai feitas, sobre Castelao, pescudas sistemáticas nen traballos de longo alento, os contidos destas actas ven acrecentado o seu valor. Porque toda investigación futura sobre o artista rianxeiro haberá de arrincar, por forza, deste punto inicial que foi o Congreso de 1986.

Non é preciso advertir que, aínda con estes varios centos de páxinas, fican ocos e valeiros sobre a figura de Castelao; valeiros nalgúns tramos da súa biografía anterior á Segunda República, ocos nalgunhas facianas do seu pensamento (federalismo, relixiosidade...) ou en partes da súa obra literaria, nomeadamente a teatral. Pero son, con todo, moitos mais os aspectos cubertos polas contribucións destas actas.

Por esta razón, temos a espranza de que a publicación destes materiais de temática castelaoniá sirva de punto de referencia nun dobre senso. Dunha banda, como liña de chegada, na que confluiron contribucións ben diversas, desde as puramente evocadoras do mestre ou o amigo ata as primeiras análises sistemáticas do seu pensamento, da súa obra artística e literaria, do contexto histórico hispánico no que se desenvolveu o Castelao; pero, doutra banda, pensamos que nestas actas se poderá atopar a forza que faiga xermolar investigacións futuras ou a información que permita anoar ideas que aquí andan esparexidas ou agachadas. Este será pois, no noso sentir, a mellor homenaxe que Castelao reciba e a mellor utilidade que o Congreso teña reportado á cultur agalega.

Por seren sabedores desto e por poñerlle o ramo á obra que xa permitiran començar coa propia celebración do Congreso, as institucións que patrocinan esta publicación (Fundación Castelao, Xunta de Galicia, Universidade de Santiago) son merecentes do noso agradecemento. Pero como detrás das institucións están as persoas, compre que este recoñecemento se faiga máis explícito nos nomes de Avelino Pousa, secretario da Fundación, Pablo González Mariñas, conselleiro da Presidencia da Xunta, e Carlos Pajares, Rector da Universidade. Moitas outras

persoas, en diferentes niveis, fixeron posible que esta publicación acabara por sair á luz; pero de todas elas, ningunha outra merece ser chufada como Maria del Mar Vázquez, pola súa coidadosa preparación e composición dos textos.

Santiago, xullo do 1989

XUSTO G. BERAMENDI

RAMON VILLARES

